

Ollando pra nos

A desgaleguización da Galiza, emprendida, foi obra na que de cote viñeron colaborando alleos e propios, extranxeiros e naturais. Toda a labor inxente de cinco séculos de asoballamento e desnaturalización foi tarefa na que de cote aútuaron sempre xuntos o esforzo natural dos asoballados e o traballo cego dos galegos desleigados, e mais que desleigados iñorantes. Nin se perdeu ocasión nin se desaproveitou momento pra plasmare unha Galiza nova, castelanizada, sin nada de seu, trocando eisí a Galiza autóctona, un tempo dona dos eus destinos, n-unha Galiza artificial, muda e sin movemento, que na sua mudez e na sua paralización amostra de cote, a marca infamante d-un pobo afundido na mais vergoñosa das escravitudes e na mais abafante das opresións. Todos, ausolutamente todos, a unha foron culpabres, do delito de tere secundados os desexos malvados e innobres que iniciaron en mal hora unhos reises de Castela. Mais, con todo, a Patria resisteu. Aobra de Deus ninguén pode modifical-a; e como obra de Deus son as Patrias naturais, Galiza, patria natural dona d-unha personalidade inconfundible, orixinalísima, por aquel mesmo feito, pudo resistir a todol-os embates e intentos de aniquilamento, amostrándose hoxe na sua ánima tan viva e tan latexante como cando a mal fadada obra da histórica Unidade da morte se iniciou.

De non sere d-unha realidade esmagante o feito que apuntamos, hoxe non poderíamos ollar o fenómeno que paseniñamente imos ollando; faguemos alusión o despertare da conciencia Nazionalista, nos lexítimos, nos bos galegos, nos somos os únecos que na Galiza pensan e discurren por conta propia, sen axustaren o pensamento á modas e patrons alleos.

Pese a intensísima labor que en xuntoiro viñeron facendo os opresores e os desleigados, Galiza patria, Galiza nai, lonxe de sere unha continuación espiritual da ánima seca e irta da Castela outiva e soberba, háchase hoxe tan arredada d-ela como antano, cando unha fatalidade histórica determinada por unha treición parecía semellar o definitivo finis Gallecia. E iste arredamento que os galegos cegos, inconscientes, iñorantes pertendían, non soio se non aminorou, sinón qu-a despeito dos esforzos matricidas, por un d-eses paradoxais que se non esprican, mais se ollan eraros e palpabres, ven facéndose cada vez mais grande, cada vez mais amplo e definitivo.

De todo o anterior dedúcese a verdade destumeante de que os galegos teñen unha Patria, inmortal e insenesciente como son todas as Patrias naturais. O feito da sua afirmación a través dos anos, dos lustros e dos séculos e como o imperativo latexante que marca unha obriga e traza unha orientación. Galegos suicidas quixerón matar o que era inmortal. Non conseguido o intento hai o deber inescusabre de por remedio o pecado gravísimo, q-os torpes e cegos denantepasados nosos, estiveron a punto de cometer, mais que por nada por inconscencia e obscuridade.

Tal e o feito que fixo xurdir nos espritos xuvenis da actual xeneración, de cote abertos a toda novidade e pol-o menos Europeos e anticastelás, a propósito de reconquerire Galiza pra nos mesmos, crebando cadeas e arredando estorbos que até o d-ahora viñeron impedindo e dificultando a marcha segura e decidida da Nación Galega, da nosa Galiza, pol-as vías amples do europeísmo. E como o abranquemento d-este propósito soio ten de sere fau-tibre con solucións radicais, a elas imos ateados de decisión, saturados de santo e pa-



triótico desexo, convencidos de q-a Patria si ten de chegar a sere o que forzosamente ten de ser, precisa romper toda as d-amarras, sen contempazón e miramentos que pra nosco nunca se gardaron, atenta samente a sua comenza que, como é natural, ten de hacharse en franca oposición con outras comenzas, a que determinados patrioteiros obrigan.

O preito, pois, háchase pranteado d-un xeito cristián, que non deixa lugar a dúbidas. Na cuestión loitan dúas tendencias inconciliables. Unha, que pertende facer da Galiza, da Patria, unha terra soberana, ceibe, sen tutorías alleas que abafan e vorgoñan, con unha potencialidade cultural propia, autoctona, que

soio pode abranguerse co cultivo da propia lingua, potencialidade que chegue a facer da nosa Patria en tempos non lonxanos, fautor de calidade e de peso no pensamento e no sabere mundial. Outra, que pertende e aínda mais que pertendere, que traballa por perpetuare un estado de cousas como o actual, no que Galiza vai vivindo de cote suxeta o xugo eminoso d-unha opresión intolerable, magoada por todol-os abafamentos e apouvigada por todol-os aldraxes, sen outra vountade qu-a do pobo tiran qu-a escraviza impóndolle arbitraria e brutalmente a sua. Iste é, en síntesis, o cadro. A que se non perpetue van encamiñadol-os esforzos do novos loitadores.

RAMON VILLAR PONTE.

O noso ideal

Galiza como nazon será todo, mais a Galiza de que a cotio nos falan esos "innaciones" que se chaman "centralistas", non e mais que un anaco de terra escrava, sin alma e sin conciencia, porque a yalma e a conciencia inda fican aldraxadas pol-as abafantes poutas da tiranía Castelán.

Por iso se o noso ideal tivera fin, sería cando conqueríramos o afinamento de todas as carauterísticas, capaces de persentarnos

como unha Nazonalidade completamente definida.

Loitando pois pol-a nazonalizazón galega, loitamos pol-engrandecemento da nosa propia persoa, porque ¿cánto meirandes non seríamos sendo fillos d-unha Galiza galega que fillastros d-unha Galiza hespañola?

¡Viva Galiza ceibe!

SALVADOR GARCIA FERNANDEZ DE BODAÑO.

Somentes non poden estar con nosco, ca nosa campaña Nazonalista, as persóas d-esprito impotente, pra loitar ca rutina e susti-

tuir un ideal imaxinado que se desfixo, con outro afinado na vida real do pobo.

Terra a Nosa.

ARTURO NOGUEROL BUJAN.

